



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) promove, patrocina e participa na concesión de diferentes premios, co obxectivo **incentivar** o talento de Galicia, **apoiar** a transferencia de tecnoloxía, **impulsar** o desenvolvemento das iniciativas empresariais e **recoñecer** ás empresas innovadoras máis competitivas.

Así, o pasado venres, 11 de novembro, o **Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (Bioga)** e GAIN anunciaron, na sede de Biofabri-CZVeterinaria, empresa galardonada o pasado ano, os gañadores dos **IV Premios Bioga**. Trátase dos únicos premios rexionais de recoñecemento á consolidación empresarial e ao talento no sector bio.

Nesta edición 2016, o galardón á **Empresa Biotech máis Competitiva** foi para **Ecocelta**, compañía dedicada á elaboración de abonos ecolóxicos certificados a través de vermicompostaxe. O xurado destacou a súa elevada competitividade no sector, o seu impacto socioeconómico vinculado á valorización de recursos naturais e a súa capacidade innovadora apoiada polas patentes propias e a participación en proxectos de I+D+i.

Na categoría de **Mellor Idea Empresarial Biotech**, o premio foi para **Techvaccines**, iniciativa biofarmacéutica de desenvolvemento de produtos para o deseño e xeración de vacinas, presentada polo investigador Germán Bou da man da Fundación Profesor Nóvoa Santos. O xurado resaltou a súa potencialidade, os contactos realizados con posibles investidores e a claridade dos seus obxectivos para 2017.

Por outra banda, hoxe xoves ás 19.00 horas, no Pazo de San Roque, Santiago de Compostela, celebrarase o **acto de entrega** dos **II Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2016**, promovidos por GAIN e a **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, para recoñecer as mellores

prácticas de transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo.

O galardón ao mellor caso de **éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía** para pemes, recollerao a empresa **Evasa**, de desenvolvemento de novos materiais para a redución do consumo enerxético na industria do vidro laminado, e na categoría de grandes empresas, o premio será para **Reganosa**, pola aplicación do software desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial da USC para optimizar a rede de transporte de gas natural. Por último, o mellor traballo desenvolvido por un grupo de **investigación aplicada**, será recollido por un **equipo multidisciplinar da Universidade de Santiago de Compostela**, que participaron no deseño de Novas estratexias para a prevención e o tratamento de enfermidades orais bacterianas.

Dende GAIN damos a nosa noraboa a todos os premiados.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).